

Acta da reunión ordinaria da Xunta de facultade de 10 de xullo de 2018

Asistentes

Equipo decanal:

Bergareche Gros, Almudena
 Fernández Carballo Calero, Pablo
 Jiménez Alemán, Ángel Aday
 Noriega Rodríguez, Lydia
 Pazos Pérez, Alexandre
 Torres Pérez, Francisco J.

PDI A:

Aneiros Pereira, Jaime
 Arias Martínez, M^a Antonia
 Cal Bouzada, María Isabel
 Costas Comesaña, Julio
 Domínguez Rubira, Carmen
 Fernandez Docampo, M^a Belén
 Fernández Acevedo, Rafael
 Fuenteseca Degeneffe, Margarita
 García Gestoso, Noemi
 García Mosquera, Marta
 Grande Seara, Pablo
 Ibáñez Paz, Regina
 Loveira Pazó, Rosa M^a
 Manzano González, Baltasar
 Mariño de Andrés, Ángel M.
 Martínez Hens, Helena
 Martínez Táboas, María Teresa
 Muleiro Parada, Luis Miguel

Pillado González, M^a Esther
 Rodríguez Damián, Amparo
 Rodríguez Domínguez, Mar
 Rodríguez Rodríguez, Emma
 Ruiz Hidalgo, Carmen
 Trigo Gómez, Pilar
 Varcárcel Fernández, Patricia

PDI B:

Barreiro Carril, M^a Cruz
 Movilla Pateiro, Laura
 Vázquez Iglesias, María Dolores

Alumnos 1º, 2º e 3º ciclo:

Farto Piay, Tomás
 Larencja Plaga, Karolina
 Louredo Casado, Sara
 Martín Sevillano, Koldo
 Rivera González, Paula
 Riquelme Vázquez, Pablo

PAS

Moldes Portela, Alba Victoria

Escusan a súa ausencia:

Bravo Bosch, María José

O 10 de xullo de 2018, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 11:40 horas, en segunda convocatoria, deu comezo a reunión extraordinaria da Xunta de Facultade, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 28 de maio de 2018.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2018-2019.
4. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2018-2019.
5. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do dobre Grao en ADE-Dereito para o curso académico 2018-2019.
6. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do Mestrado en Avogacía (Vigo e Pontevedra) para o curso académico 2018-2019.
7. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social para o curso académico 2018-2019.
8. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do Mestrado en Dereito de empresa para o curso académico 2018-2019.
9. Aprobación, se procede, do Informe Final do Plan de Acción Tutorial do curso 2017/2018.
10. Información sobre o Autoinforme de Seguemento do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral do curso académico 2016-2017.
11. Aprobación, se procede, do Seguimento do Plan de Melloras da Certificación da Implantación do Sistema 2015.
12. Aprobación, se procede, dos temarios das probas de aptitude.
13. Aprobación, se procede, do calendarios das probas de aptitude.
14. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión Académica do Mestrado en Dereito de Empresa.
15. Ratificación, se procede, do procedemento de preinscripción das materias optativas para o curso 2018-2019.
16. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 28 de maio de 2018.

Apróbase por unanimidade.

2. Informes da Sra. Decana.

A Decana informa sobre a situación do Master en Dereito de Empresa, dado que se solicitaron aclaracións sobre o eventual convenio entre a Universidade de Vigo e IESIDE. A Decana afirma que asistiu a unha reunión coa profesora Ana María Pita Grandal, Coordinadora do Máster, e co Reitor da nosa Universidade. Nesa reunión manifestouse que unha universidade privada, dependente da Fundación ABANCA, vai ofrecer o título en Máster en Dereito de Empresa. A Decana traslada á Xunta de Facultade o parecer do Reitor ante esta situación, quen advertindo que ese feito vai supoñer unha clara competencia para Universidade, considerou que non é oportuno establecer relacións de colaboración. A Decana tamén manifesta o só unha persoa hase preinscrito ata este momento só no Máster, e que na páxina web segue anunciándose a súa suspensión.

Noutra orde de cousas, a profesora Laura Movilla foi nomeada Directora de área de Relacións internacionais da nosa universidade, o que supuxo a súa renuncia como Vicedecana. A Decana agradece o seu gran labor e dá a benvida ao equipo decanal ao profesor Pablo Fernández Carballo-Calero.

A Decana informa sobre o retrato da profesora Ana María Pita Grandal como anterior Decana, a súa adquisición está pendente.

A Decana felicita aos novos representantes no Consello de Goberno da Universidade.

En canto a asuntos económicos, a Decana comunica que se renovaron tres espazos da Facultade, de modo que agora están dispoñibles máis aulas. Para o seu acondicionamento tívose en conta especialmente as necesidades dos títulos de mestrado.

A Decana finaliza a súa intervención sinalando que o primeiro cuadrimestre do 5º curso do dobre grao en ADE-Dereito impartirase nesta Facultade e o segundo na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

3. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2018-2019.

A Decana cede a palabra ao coordinador do Grao, o profesor Pablo Fernández Carballo-Calero, quen manifesta as dificultades que xurdiron durante o proceso de elaboración das Guías Docentes, boa parte delas por mor da plataforma, polo que se comunicaron aos responsables de DOCNET.

Apróbanse por unanimidade.

4. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2018-2019.

A Decana cede a palabra á Coordinadora do Grao, a profesora Belén Fernández Docampo, quen tamén sinalou que se atoparon con semellantes problemas coa plataforma e que se comunicaron igualmente. Lembra que o problema coas Guías docentes deste grao segue estando na materia Economía Laboral cuxos contidos coinciden con Economía Española, pero que a corrección deste erro require a modificación da memoria do título.

Apróbanse por unanimidade.

5. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do dobre Grao en ADE-Dereito para o curso académico 2018-2019.

Apróbanse por unanimidade.

6. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do Mestrado en Avogacía (Vigo e Pontevedra) para o curso académico 2018-2019.

A Decana cede a palabra á Coordinadora, a profesora María Antonia Arias Martínez, quen manifesta que non se produciu ningún incidente relevante.

Apróbanse por unanimidade.

7. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social para o curso académico 2018-2019.

A Decana cede a palabra á Secretaria, a profesora Teresa Estévez Abeleira, quen afirma que apenas houbo problemas menores.

Apróbanse por unanimidade.

8. Aprobación, se procede, das Guías Docentes do Mestrado en Dereito de empresa para o curso académico 2018-2019.

A Decana cede a palabra ao Secretario, o profesor Luis Muleiro, que expresa que non se produciu ningún incidente.

Apróbanse por unanimidade.

9. Aprobación, se procede, do Informe Final do Plan de Acción Titorial do curso 2017/2018.

A Decana cede a palabra ao vicedecano Alexandre Pazos, quen informa sobre algunhas incidencias menores en relación co alumnado.

Apróbanse por unanimidade.

10. Información sobre o Autoinforme de Seguemento do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral do curso académico 2016-2017.

A Decana cede a palabra á Coordinadora, a profesora Emma Rodríguez Rodríguez. Informa sobre os problemas que supón a coordinación de materias comúns nas tres universidades. Tamén lembra que na orde do día non se incluíu a aprobación das guías docentes deste máster.

11. Aprobación, se procede, do Seguimento do Plan de Melloras da Certificación da Implantación do Sistema 2015.

A Decana cede a palabra ao Vicedecano Alexandre Pazos, quen sinala os elementos máis relevantes do documento.

Apróbase por unanimidade.

12. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión Académica do Máster en Dereito de Empresa.

A Decana cede a palabra ao profesor Luis Muleiro Parada quen informa sobre a necesidade de substituír ao profesor Pablo Fernández Carballo-Calero tras a súa renuncia como membro da do mestrado. A CAM propuxo á profesora Carmen Ruíz Hidalgo.

Apróbase por unanimidade.

13. Ratificación, se procede, do procedemento de preinscripción das materias optativas para o curso 2018-2019.

A Decana explica os motivos deste procedemento e Alba Victoria Moldes Portela, Xefa do Negociado de alumnado, desenvolve os seus elementos.

A profesora Marta García Mosquera intervén solicitando que sexan tidos en conta os ámbitos competenciais da Xunta de Facultade e da Comisión Permanente, de modo que esta última só aprobe o que estea estritamente establecido pola normativa. A Decana expresa o seu compromiso neste sentido.

Ratifícase por unanimidade.

14. Rolda aberta de intervencións.

Intervén Paula Rivera González, representante de alumnado, en relación co incorrecto funcionamento das pantallas nos corredores da facultade. O Vicedecano Francisco Torres informa que se debe á desconfiguración do computador de conserxería. Remata a sesión as 12:18 horas, do que como secretario dou fe.

Ángel Aday Jiménez Alemán